

1ª

UNIDADE DIDÁCTICA

dirixida ao profesorado de 6º curso
de Educación Primaria e 1º de
Educación Secundaria Obrigatoria



Transforma as desigualdades de xénero

Aceptas o reto?

ACTIVA O RADAR TDX! ESTÁ EN TI

1ª UNIDADE DIDÁCTICA

dirixida ao profesorado de 6º curso

de Educación Primaria e 1º de Educación Secundaria Obrigatoria

Activa o radar TDX! Está en ti

Esta campaña, «Activa o radar TDX! Está en ti», promovida polo Concello de Cangas grazas ao apoio do Pacto de Estado, componse de 4 microvídeos dunha duración de entre 1-2 minutos cada un para traballar nas aulas. Con esta búscase, especificamente, sensibilizar ao alumnado de 6º curso de Educación Primaria e de 1º da ESO. Se agora mesmo estás a asociar o xogo de palabras do título co radar da DGT, e pensando que se trata dunha campaña para sensibilizar e concienciar sobre seguridade viaria, dicirche que... frío, frío! xa que as siglas TDX significan «Transforma as Desigualdades de Xénero».

Por que no título da campaña dise que o radar está en ti?

Porque todas as persoas podemos detectar a presenza de desigualdades de xénero que están ao noso arredor. O radar é unha metáfora para explicar que hai violencias de xénero e outras violencias machistas que poden acontecer no noso día a día, están por todas partes, pero velas e detectalas depende de nós. As desigualdades de xénero-relacións de poder derivadas das ideas e crenzas do noso sistema patriarcal e heteropatriarcal, están arraigadas na nosa sociedade machista, polo que chegamos a ver “normal” aquelas situacións que non deberíamos tolerar. E, aínda que comezar a ser quen de detectar as desigualdades non é cousa dun día, todas as persoas podemos espertar a nosa conciencia, darnos conta que identificar as desigualdades tamén está en nós. Só temos que activar o radar, a nosa conciencia.

Verás que cando o alumnado active o seu radar non poderá crer a cantidade de situacións que detecta e que antes pasaba por alto ou, simplemente, víaas tan habituais que lle pasaban desapercibidas.

Probamos?

En cada microvídeo, observaremos unha situación cotiá que se dá entre mozas e mozos de entre 10 e 12 anos. Cada un destes microvídeos conta cunha personaxe principal, a que irá compartindo connosco as súas reflexións. Estas emanan do seu radar interno e farannos ver por que debemos cuestionar as ideas e actitudes que sustentan as desigualdades de xénero. Ademais, mostraranos como activar o noso radar, porque nós tamén podemos transformar as desigualdades de xénero.

Procura que o alumnado preste moita atención ao contido do microvídeo e reflexione sobre as situacións que se van traballar na aula xa que, unha vez activen o seu radar, xa non o queren desactivar. O obxectivo é que se dean conta de que as súas accións e decisións tamén poden xerar desigualdades...

Non o esquezas, a nosa misión é lograr que rexeiten e combatan as desigualdades de xénero e as violencias machistas no seu día a día.


Nesta unidade didáctica imos traballar a **socialización de xénero. Aceptas o reto? Verás que os beneficios son moitos.**



COMEZAMOS?

Activemos o noso
radar da TDX...

**OBXECTIVOS
DIDÁCTICOS**



REFLEXIONAR

sobre as consecuencias da socialización diferencial de xénero e adquirir conciencia crítica sobre as desigualdades de xénero.

APRENDER

como funcionan os estereotipos e roles de xénero.

FOMENTAR

a igualdade de trato e oportunidades entre o alumnado, así como o respecto cara as diversidades.

REFORZAR

o coñecemento sobre conceptos clave que operan no mantemento das desigualdades de xénero.

IDENTIFICAR

comportamentos que perpetúan dinámicas sexistas e contribuír á súa erradicación.


TRABALLAR

no desmantelamento dos estereotipos e roles de xénero.



QUE CONTIDOS IMOS TRATAR?

SOCIALIZACIÓN DE
XÉNERO



Claves teóricas para traballar as temáticas que se abordan no microvídeo

Nesta unidade didáctica imos traballar co primeiro dos microvídeos da campaña. Nel recreáase unha escena desenvolta nunha aula de 6º curso do CEIP O Facho, na que se pode ver como os estereotipos de xénero poden chegar a condicionar a nosa forma de ser e comportarnos, de relacionarnos con noso grupo de iguais e de crear relacións de poder desiguais. Por iso, é importante que comecemos por definir que é o xénero e como se traduce. Isto é, existen toda unha serie de prexuízos e estereotipos asociados ao que é correcto e poden facer os homes e as mulleres. E nesta ríxida división das actitudes e roles por razón de xénero, a presión social do grupo de iguais e a educación xoñan un papel central. O cumprimento das normas de xénero é constantemente supervisado polas persoas da nosa contorna, mesmo por nós mesmas, constituíndonos como “policias do xénero”, restrinxindo as posibilidades de vivir a vida como realmente nos gustaría a través do mantemento de actitudes sexistas e discriminatorias. De aí que o obxectivo nesta sesión de traballo sexa redefinir de maneira crítica a división de roles de tal xeito que o alumnado interiorice que non hai nada “natural” na división das tarefas e que calquera persoa debe ter a posibilidade de facer calquera cousa con independencia do seu sexo e/ou xénero.

APRENDIZAXES CLAVE:

Estereotipos de xénero, roles de xénero, socialización de xénero, identidade de xénero.

Algunha vez preguntácheste...

como se chegaron a construír socialmente as diferenzas entre mulleres e homes?

As desigualdades entre mulleres e homes teñen a súa orixe nun modelo de sociedade androcéntrico, patriarcal e heteropatriarcal, constituíndose todas elas en base á imposición deste sistema de valores e crenzas.

As diferenzas existentes entre mulleres e homes son, principalmente, de carácter sociocultural. Ao nacer, **clasifícase nos como pertencentes a un sexo** (muller, home ou intersexual¹) **en base aos nosos órganos xenitais**. E, á súa vez, sobre esta clasificación dos corpos, atribúese un **xénero**: feminino ou masculino.

► Amplía a información!



Se che interesa afondar máis sobre este tema, a teoría sexo-xénero é o modelo de análise que o feminismo emprega para explicar a desigualdade e discriminación cara as mulleres. Fai referencia ás formas de relación establecidas entre mulleres e homes no seo dunha sociedade como a nosa, patriarcal, pois prodúcese baixo un sistema de poder que define condicións sociais distintas para mulleres e homes en razón dos papeis e funcións que lles foron asignadas socialmente. Así, a sociedade patriarcal réxese por este sistema que sostén unha relación desigual de poder entre mulleres e homes e ancorase na división sexual do traballo, a familia nuclear e a heterosexualidade obrigatoria.

Pero isto... como nos afecta?

O xénero define as características, actitudes,

1. A intersexualidade refírese á condición biolóxica dunha persoa que nace con características de ambos os dous sexos. Nunha definición máis exacta, a intersexualidade prodúcese cando unha persoa presenta uns xenitais externos de forma ambigua. Isto é, cando existe unha discrepancia entre o seu sexo cromosómico (XY / XX), gónadal (testículos / ovarios) e xenital (pene / vaxina).

condutas e comportamentos considerados femininos (“propio de mulleres”) e masculinos (“propio de homes”). Estas diferencias, lonxe de ser naturais ou biolóxicas, son construcións socio-culturais que fai cada sociedade nun momento histórico determinado. O comportamento “axeitado” en base ao xénero é transmitido e asimilado ao longo de toda a nosa vida, marcándonos en todo momento como debemos actuar en base ao sexo que se nos asignou.

Ademais, cómpre ter en conta que esta construción socio-cultural asume como “natural” que o sexo e o xénero van da man (por exemplo, unha persoa con pene adoita ser identificada coas calidades e características asociadas ao xénero masculino), excluindo ás persoas con identidades e expresións de xénero e sexuais diversas.

Tal é así que a nosa sociedade, ao estar suxeita por un sistema que nos clasifica segundo o sexo e o xénero, imponnos modelos hexemónicos (dominantes) e establece unha relación desigual de poder entre homes e mulleres.

► Amplía a información!



Polo tanto, mulleres e homes somos resultado dunha construción social e cultural do sistema patriarcal e heteropatriarcal, onde a feminidade e a masculinidade establécense como modelos universais do que significa “ser muller” e “ser home”. É nesa construción diferenciada na que se asigna a cada un dos sexos calidades distintas e desigualmente valoradas. Deste xeito, as características asociadas ao xénero feminino, e que se lle impoñen ás mulleres, son menos valoradas socialmente que as que tradicionalmente se lle atribúen aos homes. Por exemplo, transmítese que os homes son violentos e valentes por natureza, mentres que as mulleres son sensibles, temerosas e febles cando, en realidade, son estereotipos e características impostas.

Seguro que en máis dunha ocasión escoitaches falar da socialización de xénero pero...**facemos un repaso?**

Pois ben, o sistema patriarcal e heteropatriarcal asigna diferentes atributos, aptitudes, papeis e espazos en función do sexo asignado ao nacer, o que promove e lexitima a subordinación tanto das mulleres como doutras persoas con identidades e/ou expresións diversas. Non obstante, ao estar tan normalizados e naturalizados, ás veces cústanos ver todos estes comportamentos e crenzas estereotipadas que fan que se perpetúen as desigualdades. E isto acontece porque se nos educou con base a eles, forman parte do noso día a día e, polo tanto, pásannos desapercibidos.

Entón...**que é a socialización de xénero? Como opera?**

A grandes trazos, a socialización é un proceso de construción social que varía ao longo da historia (época) e da sociedade na que ten lugar, a través da cal interiorizamos a forma “correcta de ser”. Isto é, a través da socialización interiorizamos os valores e normas culturais e sociais. O proceso de socialización implica a asimilación de mensaxes sociais nas que os estilos cognitivos, de conduta e de actitude, así como os códigos morais, son diferentes segundo o sexo e o xénero. Isto conduce á creación de normas estereotipadas asignadas a cada persoa en referencia ao seu xénero e xera expectativas sociais sobre o que se espera duns e doutras. Este proceso, que dá lugar á construción das diferenzas e desigualdades entre mulleres e homes, coñécese máis concretamente como a socialización de xénero diferencial.

Deste xeito, a socialización de xénero é o proceso de adecuación, interiorización e normalización dos valores e crenzas do sistema patriarcal e heteropatriarcal nas nosas vidas. É mediante a socialización de xénero que adquirimos consciencia do sexo que nos foi asignado como parte do noso propio ser, ao tempo que aprendemos a sentir, pensar e actuar da forma na que a sociedade considera propio dun ou doutro sexo, conformando a identidade de xénero.

E a que nos referimos...cando falamos das identidades de xénero?

Cando falamos de **identidades de xénero**, referímonos a un conxunto de trazos propios que caracterizan a unha persoa ou un grupo fronte a outra ou outros. A familia, a escola, a sociedade, a cultura e demais axentes socializadores, van conformando a identidade persoal. Non obstante, trátase dun proceso moi complexo.

As persoas, en canto animais sociais, estamos fortemente condicionadas polos modelos de referencia que se expoñen como ideais na nosa contorna. E é a través da identificación cos mesmos que asumimos, adoptamos e interiorizamos os valores que guían a nosas condutas. Deste xeito, a conformación da nosa identidade está condicionada por unha estrutura hexemónica, xerárquica e excluínte, **o sistema patriarcal e o heteropatriarcal**.

Para interpretar como funcionan as identidades de xénero cómpre entender que a nosa sociedade está estruturada en base ao “binarismo de xénero”. Isto é, as persoas, ao nacer, somos clasificadas en base a un sistema de sexo binario: muller e home. A cada un dos sexos asignados váiselles atribuír unha **identidade de xénero binaria e hexemónica**, feminina ou masculina, cada cal cos seus atributos estipulados e fortemente diferenciados. E o problema é que son consideradas esenciais, fixas, naturais, biolóxicas e únicas. Deste xeito, e en base a esta forma de clasificar, asúmese que unha persoa con pene vaise identificar co xénero masculino.

► Amplía a información!



Este sistema de clasificación en torno a dúas categorías dá lugar ao que se coñece como heteronormatividade (ou identidade normativa). Esta apóiase na idea de que o “natural é a heterosexualidade”, é dicir, sentir atracción polo “sexo oposto”. Así, neste

sistema de clasificación exclúense, ademais, realidades como a intersexualidade ou as persoas trans por constituír en si mesmas unha ameaza para o sistema heteropatriarcal².

Entón...podemos dicir que se “aprende” a ser muller e a ser home?

Como se recolleu con anterioridade, **a socialización de xénero diferencial é o proceso a través do que se nos ensina a ser mulleres e homes**, indicándonos que valores, sentimentos, actitudes, comportamentos, capacidades, roles, orientación sexual, identidade e/ou expresión de xénero debemos asumir polo feito de nacer cun ou outro sexo. Isto é, os mandatos de xénero.

E non adecuarse ás ditadas normas sociais pode ser fortemente castigado, ben dun xeito claro e directo ben dunha forma máis sutil. Isto é, sufrir presións sociais por non ser como a sociedade dita que debemos ser. Así, dende idades moi temperás poden darse situacións de marxinación, discriminación, agresión verbal e/ou física, acoso, etc. mesmo entre as propias crianzas. Por exemplo, é habitual rexeitar e estigmatizar pola forma de vestir, de ser, pola orientación sexual, etc.

Pero...cal é o papel que xogan os estereotipos e roles de xénero?

No proceso de socialización de xénero, os axentes socializadores (familia, amizades, grupos de iguais, escola, medios de comunicación, etc.) son os encargados de transmitirnos as ideas, valores, condutas e comportamentos que o patriarcado e heteropatriarcado considera “proprios” e “naturais” para unha muller e un home. Isto é, os estereotipos e os roles de xénero. É en base a eles que construímos as nosas identidades, establecemos as relacións de xénero e interiorizamos e naturalizamos a división sexual das tarefas.

2. Este termo, que une o sistema patriarcal coa heteronormatividade, apóiase en que o “natural é a heterosexualidade”. Defínese como a organización social, política e cultural na que prevalece a dominación dos suxeitos homes e do masculino, e na que a heterosexualidade constitúe unha norma reguladora do comportamento afectivo e sexual. Segundo o seu esquema de pensamento, as relacións heterosexuais son entendidas como “naturais, normais e correctas”, e as persoas que non se adecúan a estas premisas e normas son penalizadas.

- **Os estereotipos** baséanse na consideración de que hai unha serie de calidades “naturais” e “inmutables” femininas e outras masculinas. Por exemplo, son estereotipos de xénero femininos a dependencia, debilidade, fragilidade emocional, delicadeza, beleza, inseguridade, etc.; mentres que son estereotipos de xénero masculinos a independencia, forza, racionalidade, agresividade, poder, seguridade, etc.
- **Os roles de xénero** refírense aos papeis sociais, tarefas e funcións que a sociedade asigna nun momento histórico a homes e mulleres. Nas sociedades occidentais, os homes están asociados aos roles produtivos, vencellados ao traballo remunerado, ao poder e ao prestixio. As mulleres, pola contra, ao ámbito reprodutivo, que abarca tanto as actividades relacionadas á reprodución biolóxica como as de coidado familiar (abastecemento e preparación de alimentos, coidados e atención emocional), mais tamén as relacionadas coa organización social (socializacións das crianzas, mantemento das redes familiares, comunitarias e de apoio mutuo, transmisión dos saberes tradicionais, etc.).


Deste xeito, os estereotipos e roles de xénero determinan o que se espera de nós en base a fórmulas sexistas e desiguais. Ademais, alén de condicionar como nos debemos comportar, sentir ou pensar, tamén inflúen na escolla da rama de estudos, nas ocupacións profesionais, etc. Así, se dunha muller espérase que sexa sensible, afectuosa e delicada, esperárase tamén que sexa, por exemplo, enfermeira en lugar de fontaneira. Se un rapaz, en lugar de ser forte, duro ou insensible, é débil, covarde ou sensible, tacharase de homosexual, “nenaza”, efeminado, etc.

É importante que teñamos en conta que, dunha forma ou outra, tamén nós somos axentes socializadores e reproducimos modelos que contribúen a perpetuar as relacións de poder, as desigualdades de xénero e as violencias machistas. De aí que as nosas actitudes cotiás sexan tan importantes para o cambio social.



PROPOSTA DIDÁCTICA


FICHA DAS
ACTIVIDADES



TEMA		
Socialización diferencial de xénero		
CURSOS	6º curso de Educación Primaria e 1º de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)	
OBXECTIVOS	• Reflexionar sobre as consecuencias da socialización diferencial de xénero e adquirir conciencia crítica sobre as desigualdades de xénero. • Aprender como funcionan os estereotipos e roles de xénero. • Fomentar a igualdade de trato e oportunidades entre o alumnado. • Reforzar o coñecemento sobre conceptos clave que operan no mantemento das desigualdades de xénero. • Traballar no desmantelamento dos estereotipos e roles de xénero. • Identificar comportamentos que perpetúan dinámicas sexistas e contribuír á súa erradicación.	
CONTIDOS QUE SE VAN A TRABALLAR	▷ Socialización de xénero ▷ Estereotipos de xénero ▷ Roles de xénero ▷ Socialización de xénero ▷ Identidades de xénero ▷ Construción social da masculinidade e feminidade	
ACTIVIDADES	TEMPO ESTIMADO	MATERIAIS
1ª. ACTIVIDADE «Previsionado e ideas previas do alumnado»	15 min.	• Anexo N° 1. Guía de actividades
2ª. ACTIVIDADE «Visionado do microvídeo e análise do contido»	15 min.	• Microvídeo • Anexo N° 1. Guía de actividades • Anexo N° 2. Ficha de análise do microvídeo
3ª. ACTIVIDADE «Actividade de afianzamento das ideas e reflexión final»	20 min.	• Anexo N° 1. Guía de actividades



DESENVOLVEMENTO



PRIMEIRA ACTIVIDADE:

15 min. aprox. [Previsionado e ideas previas do alumnado]

.....

1º.

Comezamos presentando o título da campaña «Activa o radar TDX! Está en ti» e, para crear expectación, simplemente explicamos que nesta sesión imos traballar co primeiro dos catro vídeos que contén esta campaña promovida polo Concello de Cangas.

2º.

Indagamos uns minutos sobre que lles suscita o título. Para isto podemos ir lanzándolles algunhas preguntas. A continuación recóllense algunhas que poden funcionar como guía:

- Sabedes o que significan as siglas «TDX» do título da campaña?
- Que é un radar?
- Por que no título se di que activalo está en nós?
- Como podemos activalo?
- Que son as desigualdades de xénero?

Podemos utilizar como apoio a presentación en Power Point **“Anexo Nº 1. Guía de actividades”** para proxectalo na pantalla da aula. A primeira páxina contén o título da campaña, e a seguinte estas preguntas guía (diapositiva 2).

Neste primeiro momento é recomendable que non despexemos as incógnitas que xurdan na choiva de ideas, excepto a definición de “radar” que, de consideralo preciso, podemos explicala. O resto de cuestións que vaian saíndo abordarémolas máis adiante (algunhas despois de ver o microvídeo, xa que é moi probable que nun primeiro momento non todo o alumnado se dea conta da metáfora do título da campaña).

3º.

Imos coa primeira dinámica: “Aclarando as ideas”, e, para desenvolvela, utilizamos o **“Anexo Nº 1. Guía de actividades”**. Esta dinámica permitiranos, por unha banda, coñecer as ideas previas que o alumnado posúe ao redor do tema e, pola outra, que incorpore e coñeza novos conceptos.

4º.

Pedimos ao alumnado que se organice en pequenos grupos, ata formar 6 grupos en total.

5º.

Proxectamos na pantalla a diapositiva 3 do **“Anexo Nº 1. Guía de Actividades”**. Vense 6 recadros, cada un dunha cor diferente, que conteñen indicacións para que o alumnado traballe algúns conceptos:

1º	Que é o xénero?
2º	A que se refire o concepto de sexo?
3º	Que son os estereotipos de xénero? Pensade algúns exemplos de estereotipos que adoitan asociarse aos homes...
4º	En que consisten os roles de xénero? Algúns dos roles que se asocian ás mulleres son...
5º	Hai unha única forma de ser home ou ser muller? Por que?
6º	Que é o patriarcado? Este concepto ten que ver co machismo?

6º.

Asígnamos a cada grupo unha cor e indicamos que dispoñen de 5 minutos para debater e consensuar a resposta que se pide no seu recadro. É moi recomendable que empreguen un papel para recoller as ideas e a resposta que acorde o grupo.

7º.

Facemos unha posta en común, en plenario. Pedimos a cada grupo que expoña as súas respostas, seguindo a orde de numeración dos recadros. Se contamos con tempo suficiente, podemos pedir ao resto do alumnado que exprese a súa opinión.

Dado que algún dos conceptos a traballar poden resultar complexos, podemos apoiarnos do **“Anexo Nº 1. Guía de Actividades”** (diapositivas 4-9) no que se recollen as definicións para cada un dos termos.

8º.

Acabamos a dinámica explicando que son as desigualdades de xénero, cuxa definición aparece recollida na diapositiva 10 do **“Anexo Nº 1. Guía de Actividades”**.

SEGUNDA ACTIVIDADE:

15 min. aprox. [Visionado do microvídeo e análise do contido]

.....

1º.

Proxectamos o primeiro vídeo da campaña. Ten unha duración de 1:26 minutos.



2º.

En plenario despexamos as incógnitas que quedaron sen resolver ao redor da campaña. Para isto podemos continuar apoiándonos no **“Anexo Nº 1. Guía de Actividades”** (diapositiva 12) e, a medida que imos despexando as dúbidas xunto ao alumnado, proxectamos as respostas.

- Síglas «TDX» do título da campaña.
- No título dise que activar o radar está en nós. Como podemos activalo?

3º.

Distribuímos ao alumnado en pequenos grupos, de 2-3 persoas, e a cada grupo entregámoslle unha copia do **“Anexo Nº 2. Ficha de análise do microvídeo”**. Trátase dunha ficha para traballar a escena do diálogo na aula.

4º.

Indicámoslles que dispoñen duns 10 minutos para escribir e completar a ficha.

5º.

A continuación, e en plenario, facemos unha posta en común. Imos vendo as achegas de cada un dos grupos ás cuestións traballadas na ficha:

- Que estereotipos de xénero detectades na conversa?
- Como pensades que se sente o mozo que quere levar saia ante os comentarios dos seus compañeiros e compañeiras?
- A roupa ten xénero?
- Por que os estereotipos inflúen nos nosos comportamentos e condicionan e limitan nosa forma de ser?

Podemos apoiarnos no **“Anexo Nº 1. Guía de Actividades”** (diapositiva 14) para ir respondendo a ditas preguntas.

► Reflexións ás que chegar coa actividade

A conversa que ten lugar no vídeo é moi ilustrativa, pois recolle moitos dos prexuízos e estereotipos vencellados aos mandatos de xénero, así como ao xénero. A continuación recóllense algúns aspectos clave aos que se busca chegar coa actividade:

- **Os rapaces e as rapazas actúan como axentes socializadores que exercen control social**, perpetuando e lexitimando os modelos hexemónicos da feminidade e a masculinidade.
- **Outórgaselle á vestimenta un valor simbólico que constrúe o xénero** e que, polo tanto, marca diferenzas en base ao binomio sexo-xénero, é dicir, entre mulleres e homes. Así, a roupa convértese nunha marca de xénero, pero cómpre ter en conta que, a roupa, por si mesma, non ten xénero, carece de significado. Somos nós quen lle poñemos a etiqueta de xénero e a “sexuamos”.

- **Os prexuízos e estereotipos de xénero condicionan a liberdade das persoas** e limitan a construción da identidade de xénero. Escoller elementos que “non corresponden” –no caso do vídeo un “mozo” quere empregar unha saia, algo que “naturalmente” non consideramos masculino – tórnase nunha forma de control social. E, por medo ao rexeitamento, acábanse aceptando patróns de conduta que van en contra dos desexos propios, limitando a liberdade persoal. E isto acontece dende idades moi temperás.
- Para rematar coas prácticas de control social **cómpre deixar de perpetuar, reforzar e lexitimar os modelos hexemónicos da feminidade e a masculinidade** que ditan a forma “axeitada” de “ser home” e “ser muller”. É necesario asimilar **que non hai formas máis ou menos correctas de ser nin de sentir**, e moito menos de existir. E **isto pasa por deixar de crear a excepcionalidade e “normalizar” a diversidade**.

*Un breve resumo destas reflexións chave aparecen recollidas no **“Anexo Nº 1. Guía de Actividades”** (diapositiva 15).

✱ Para seguir aprofundando... Actividade “Que é ser...?”

Se consideramos necesario seguir aprofundando nalgúns das cuestións e ideas que xurdiron no debate, podemos realizar a seguinte actividade:

1º.

Debuxamos unha liña no encerado, dividíndoa en dúas columnas. Nunha poñemos “home” e na outra “muller”. Tamén podemos empregar a diapositiva 16 do **“Anexo Nº 1. Guía de Actividades”** para realizar esta actividade.

2º.

Pedimos ao alumnado que se volva a organizar en pequenos grupos de 2 - 3 persoas, e indicámoslles que collan unha folla e debuxen dúas columnas. No prazo duns 5 minutos, nunha delas terán que anotar os adxectivos, cousas ou características que asocien á feminidade, e na outra as que asocien á masculinidade.

3º.

A continuación, facemos unha posta en común, recollendo no encerado as achegas dos grupos.

4º.

Posteriormente, cambiamos os títulos ás columnas, poñendo “Muller” no lugar de “Home” e viceversa, e iniciamos un breve debate para aprofundar naquelas características que cren que non poden atribuírse tanto a mulleres como a homes e nos seus argumentos. Co gallo de dinamizar o debate, podemos tomar como guía as seguintes preguntas recollidas no **“Anexo Nº 1. Guía de Actividades”** (diapositiva 17):

- As características que recollemos para as mulleres, poden atribuírse aos homes?, e viceversa?
- Que significa ser unha muller? E un

home?

- Que características atribuídas ás mulleres e aos homes valóranse como positivas ou negativas na nosa sociedade?
- Como credes que sería para unha muller asumir as características de xénero tradicionalmente asociadas aos homes? Sería difícil ou fácil?
- E no caso dos homes, como sería que asumisen características de xénero tradicionalmente asignadas ás mulleres? Sería difícil ou fácil?

TERCEIRA ACTIVIDADE:

15 min. aprox. [Actividade de afianzamento das ideas e reflexión final]

.....

1º.

Continuamos proxectando o **“Anexo Nº 1. Guía de Actividades”** e imos á diapositiva número 18. Explicamos que na imaxe vense ás personaxes do microvídeo. Están na aula e o timbre acaba de soar, pero antes de saír ao patio do colexio debaten sobre a que xogar durante o recreo.

2º.

Pedimos catro persoas voluntarias para ler o diálogo en alto, e asignámoslle a cada unha un papel (rapaza Nº 1, rapaz Nº 1, rapaza Nº 2 e rapaz Nº 2) (diapositiva 19 do **“Anexo Nº 1. Guía de Actividades”**).

- (Rapaza Nº 1). A que xogamos?
- (Rapaz Nº 1). Nós ao fútbol.
- (Rapaza Nº 2). Apuntámonos!
- (Rapaz Nº 1). Mellor mirade. As rapazas non tendes nin idea de fútbol.
- (Rapaz Nº 2) Xogade ás vosas cousas. Ide bailar.

3º.

A continuación, preguntamos ao alumnado que acaba de ler o diálogo se, ante esa situación, activóuselle o radar da TDT. Lanzámoslles algunhas preguntas, as seguintes poden servírnos de guía (diapositiva 20 do **“Anexo Nº 1. Guía de Actividades”**).

- Que é o que vos di o voso radar ao observar esta situación?
- Que estereotipos, prexuízos e roles de xénero detectades nesta conversa?
- E que desigualdades de xénero detectades?

4º.

Co gallo de seguir traballando estas cuestións, abrimos un debate. Podemos lanzar ao conxunto do alumnado preguntas como as que se recollen a continuación (diapositiva 21 do **“Anexo Nº 1. Guía de Actividades”**).

- Credes que unha moza non debería practicar actividades consideradas de “mozos”? E do mesmo xeito, un mozo debería realizar actividades consideradas de “mozas”? Por que?
- Como pensades que se senten as mozas nesa situación? E como se sentirían os mozos se a situación fose ao revés? Se fosen eles os que quixesen ir bailar e lles dixesen que fosen xogar ás súas cousas?
- Por que chegamos a pensar que hai actividades exclusivas de nenas e actividades exclusivas de nenos? De onde nos veñen estas ideas?
- E cales son as consecuencias destas ideas?
- Pensades que este tipo de ideas poden limitar os nosos comportamentos e as nosas opcións? E as do grupo? De que forma?
- Detectades este tipo de situacións na vosa contorna?
- Que outras situacións detectades na vosa contorna?

► Reflexións ás que chegar coa actividade

*Un breve resumo destas reflexións chave aparecen recollidas no **“Anexo Nº 1. Guía de Actividades”** (diapositiva 22).

- Non hai deportes masculinos nin femininos. **A práctica deportiva, por si mesma, non ten xénero.** Somos nós quen, a través das nosas crenzas

e comportamentos, lexitimamos e perpetuamos esta división sexista das prácticas deportivas e lles outorgamos significados que rematan por tornarse en prácticas discriminatorios e inxustas.

- **Os mandatos de xénero limitan a liberdade das persoas.** Os estereotipos, prexuízos e roles de xénero limitan o noso poder de decisión e, polo tanto, as nosas experiencias vitais.
- **Os roles e estereotipos de xénero non teñen nada de normal nin natural.** Son unha construción social imposta dirixida a controlar o noso comportamento. Ademais, teñen consecuencias especialmente negativas sobre as mulleres e persoas LGTBIQ+, xa que reforzan o valor das características masculinas así como a práctica das actividades tradicionalmente atribuídas a eles.
- **As diferenzas entre as capacidades físicas tales como forza, rapidez, resistencia, etc., entre mulleres e homes están sobre-dimensionadas.** Na maior parte das veces, estas diferenzas son máis unha cuestión de estrutura corporal, altura, peso e adestramento que unha cuestión de sexo.
- **A ocupación dos espazos tamén é unha cuestión de igualdade.** A forma na que mozas e mozos habitan o espazo (na aula, no patio, no autobús, etc.) tamén é un reflexo das desigualdades de xénero. Así, xeralmente os mozos adoitan ocupar unha maior parte do espazo dispoñible. Cómpre, polo tanto, unha redistribución máis equitativa do mesmo.

5º.

Para finalizar, podemos volver poñer o vídeo e reflexionar conxuntamente sobre o aprendido na sesión, así como sobre que cousas podemos aplicar ás nosas propias vidas e nas relacións co noso grupo de amizades para acadar o reto que se nos

propón no vídeo: implicar a todas as persoas por igual e relacionarnos desde o respecto.

Proxectamos a diapositiva 23 do **"Anexo N° 1. Guía de Actividades"**.



Para seguir afondando...

Actividade: fai que chegue a máis persoas do cole o radar TDX. Aceptas o reto?

Se queres seguir afondando nalgunhas cuestións e ideas que xurdiron no debate, podemos realizar a seguinte actividade:

1º.

Comentamos que o microvídeo da campaña non ten título.

2º.

Pedimos ao alumnado que, de maneira individual, pense nun título para poñerlle e que elabore un cartel.

3º.

Os carteis poden colocarse na aula.

*Diapositiva 24 do **"Anexo N° 1. Guía de Actividades"**.

